

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

HISTORIA DA MÚSICA

Índice

1. Introducción.....	3
1.1. MARCO LEGAL.....	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	4
2. Metodoloxía.....	4
3. Atención á diversidade.....	6
4. Temas transversais.....	7
4.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	7
4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN....	7
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6. Secuenciación por cursos.....	8
6.1. CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	8
6.1.1. Obxectivos.....	8
6.1.2. Contidos.....	9
6.1.3. Criterios de avaliación.....	11
6.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	11
6.1.5. Bibliografía de referencia.....	12
6.2. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	12
6.2.1. Obxectivos.....	12
6.2.2. Contidos.....	13
6.2.3. Criterios de avaliación.....	15
6.2.4. Contidos mínimos esixibles.....	15
6.2.5. Bibliografía de referencia.....	15
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	16
7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
7.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN.....	18
7.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.....	18
7.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.....	19
7.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios.....	19
7.4.2. Probas extraordinarias.....	19
7.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.....	20
8. Anexos.....	20
8.1. PROBA DE ACCESO AO 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	20
8.2. PROBA DE ACCESO AO 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	21

1. Introducción

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de HISTORIA DA MÚSICA durante os cursos 4º e 5º do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

1.1. MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22. 000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

2. Metodoloxía

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

A disciplina de Historia da música ten unha carga lectiva de 2 horas semanais, tanto en 4º como en 5º curso do Grao Profesional.

Nas clases o profesor realiza exposicións orais sobre os diferentes contidos do programa, acompañadas segundo o caso por textos, imaxes, audicións e análise de partituras das diferentes épocas ou estilos. O profesor proporciona o material esencial de traballo na aula ao que os alumnos poderán acceder en formato informático polas canles axeitadas. Os alumnos atenden e, cando sexa pertinente, anotan contidos teóricos, escoitan audicións, analizan partituras, comentan imaxes ou textos e emiten xuízos de valor sobre os diferentes aspectos propostos. O profesor actúa de guía na exposición e no desenvolvemento das tarefas creativas do alumnado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexirán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- Actividade: O acercamento á historia da música implica unha actitude activa, especialmente na escoita de audicións e no acercamento ás fontes (imaxes, textos, partituras, ...), polo que é importante interpelar con frecuencia ao alumando como método de estimular súa capacidade perceptiva e analítica de ditos materiais.
- Autonomía: o alumnado será orientado, ensinándolle a traballar de forma independente e a formar opinións por si mesmo.
- Individualización: Na clase terase en conta a dimensión persoal e social de cada alumno ou alumna.
- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- Convivencia: Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- Significación: Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que desenvolve a capacidade analítica e crítica do feito musical.
- Interdisciplinabilidade: Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Historia da música teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que presenten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos alumnos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Propoñer actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado, e que poder afectar ós seguintes aspectos:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuindo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da óptica de apreciación e valoración do corpo humano e as súas posibilidades de movemento no contexto musical. Ademais, tamén se contempla cómo a música, polos seus compoñentes afectivos, fixiolóxicos e intelectuais, pode incidir no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, faráse referencia ao longo do desenvolvemento histórico da materia, do papel asignado aos sexos no contexto musical, comparando as diversas situacións históricas coa actualidade.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir dos diferentes contextos valorando a diversidade e o respecto polas diferentes manifestacions culturais, incluíndo as relacións que se dan coas cultras da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- A **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia, nos diversos contextos musicais e na propia convivencia da aula.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de Historia da música, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados.

Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

6. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica por cursos de Historia da música, que se imparte exclusivamente no grao profesional.

6.1. CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6.1.1. Obxectivos

- Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas tratadas neste curso: antigüidade, idade media, renacemento e inicios e desenvolvemento do barroco, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música de cada época tratada neste curso, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical de cada época, súas características, funcións e transformacións nos diversos contextos históricos.
- Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas, nas épocas tratadas neste curso, entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época tratada, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo ao ámbito musical.
- Establecer contacto con recursos bibliográficos, documentos e fontes de todo tipo propias de cada época ou estilo.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio artístico e cultural.

6.1.2. Contidos

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnicas interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise. Comentario de texto musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada. Análise e recoñecemento de xéneros, características e estruturas formais dos períodos tratados, tanto da música vocal como instrumental.
- A música na cultura occidental: prehistoria e antigüidade.

- A música na idade media. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. Organoloxía. A monodia sacra. O canto gregoriano. A monodia profana. A polifonía, sacra e profana. Primeiros repertorio polifónicos. Repertorio de Notre Dame. Ars Antiqua. Ars nova. Ars Subtilior. Principais xéneros musicais. A música instrumental.
- A música no renacemento. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. Organoloxía. Nacemento e desenvolvemento da música renacentista. Características. Principais xéneros renacentistas: chanson, misa, motete, madrigal. A música instrumental.
- A música do barroco. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. O baixo continuo. Organoloxía. Principais xéneros da música vocal, profana e sacra. Principais xéneros da música instrumental.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

1º trimestre:

- Introducción á Historia da música e súas fontes. Orixe da música. Prehistoria e Antigüidade.
- A música na Idade Media:
 - Monodia sacra: o canto gregoriano. Monodia profana.
 - Organoloxía. Música instrumental.
 - A orixe da polifonía. Primeiros repertorios polifónicos. O Códice Calistino.
 - A polifonía do s. XIII: Ars Antiqua.
 - A polifonía do s. XIV: Ars Nova, Ars Subtilior.

2º trimestre:

- A música no Renacemento:
 - Desenvolvemento e características xerais da música renacentista.
 - Música vocal. Principais xéneros: chanson, motete, misa, madrigal.
 - Música instrumental. Principais xéneros.

3º Trimestre:

- A música no Barroco:
 - Características xerais do estilo musical barroco.
 - Formas, estruturas e elementos musicais habituais no barroco.
 - Xéneros vocais: ópera, cantata, oratorio, e outros.
 - Xéneros instrumentais: preludio, tocata, fuga, suite, sonata, concerto.

6.1.3. Criterios de avaliación

- Demostrar a adquisición dos coñecementos mediante a identificación e explicación, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, das características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso.
- Demostrar a adquisición dos coñecementos, con comentarios a través da análise de exemplos iconográficos con situacións musicais, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.
- Demostrar a adquisición dos coñecementos mediante a realización de comentarios histórico-estilístico a partir da audicións de obras determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado .
- Demostrar ser capaz de situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.

6.1.4. Contidos mínimos esixibles¹

Os alumnos deberán realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 4º curso de Historia da Música, tal e como se contempla nos procedementos de avaliación da presente programación, debendo obter, para a súa superación, como mínimo unha cualificación igual ou superior a 5. A proba avaliará as seguintes destrezas, capacidades e/ou adquisicións:

- Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, as características musicais principais de cada época ou estilo: trazos rítmicos, melódicos e harmónicos, textura musical, xéneros principais, formas musicais, dispositivos vocais e/ou instrumentais.
- Analizar, empregando un léxico axeitado, as principais características dun canto gregoriano en notación cadrada.
- Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música medieval: monodia profana, motete, misa, chanson.
- Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música renacentista: chanson, motete, misa, madrigal, villancico.
- Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música do barroco: baixo continuo, aria da capo, tono e villancico, concerto, sonata.

¹ A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

6.1.5. Bibliografía de referencia

- J. PETER BURKHOLDER, DONALD J. GROUT, CLAUDE V. PALISCA: *Historia de la música occidental*. Alianza Música.
- RICHARD H. HOPPIN: *La música medieval*. Akal.
- RICHARD H. HOPPIN: *Antología de la música medieval*. Akal
- ALLAN W. ATLAS: *La música del renacimiento*. Akal.
- ALLAN W. ATLAS: *Antología de la música del renacimiento*. Akal.
- JOHN WALTER HILL: *La música barroca*. Akal.
- MARICARMEN GÓMEZ: *Historia de la música en España e Hispanoamérica*. 1. De los orígenes hasta c. 1470. Fondo de Cultura Económica.
- MARICARMEN GÓMEZ: *La música medieval en España*. Kassel, Reichenberger, DeMusica 6.
- ISMAEL FERNÁNDEZ DE LA CUESTA: *Historia de la música española*. 1. De los orígenes hasta el “ars nova”. Alianza música.
- SAMUEL RUBIO: *Historia de la música española*. 2. Desde el “ars nova” hasta 1600. Alianza música.
- JOSÉ LÓPEZ-CALO: *Historia de la música española*. 3. Siglo XVII. Alianza música
- MARÍA PILAR ALÉN: *Historia da música galega*. Cantos, cantigas e cánticos. Edicións A Nosa Terra.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Breve historia da música galega*. Edicións A Nosa Terra.
- RAMÓN ANDRÉS: *Diccionario de instrumentos musicales*. Península.
- LÓPEZ COBAS, LORENA: *Historia da música en Galicia*. Ouvirmos.

6.2. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6.2.1. Obxectivos

- Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas tratadas neste curso: clasicismo, romanticismo, século XX e os derradeiros desenvolvementos musicais, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

- Coñecer e comprender a música de cada época tratada neste curso, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical de cada época, súas características, funcións e transformacións nos diversos contextos históricos.
- Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas, nas épocas tratadas neste curso, entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época tratada, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo ao ámbito musical.
- Establecer contacto con recursos bibliográficos, documentos e fontes de todo tipo propias de cada época ou estilo.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio artístico e cultural.

6.2.2. Contidos

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnicas interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise. Comentario de texto musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada. Análise e recoñecemento de xéneros, características e estruturas formais dos períodos tratados, tanto da música vocal como instrumental.
- A música do clasicismo. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Organoloxía. Nacemento e desenvolvemento do estilo musical clásico. Características musicais. A forma sonata. Principais xéneros da música vocal, sacra e profana. Principais xéneros da música instrumental.

- A música do romanticismo. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Organoloxía. Nacemento e desenvolvemento do estilo musical romántico. Características musicais. O nacionalismo musical. Principais xéneros da música vocal. Principais xéneros da música instrumental.
- A música do século XX ata a actualidade. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Organoloxía. Nacemento e desenvolvemento das principais tendencias. Características musicais. Música culta e popular.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

1º trimestre:

- O Clasicismo musical :
 - Contexto e orixes do Clasicismo musical.
 - Características musicais do Clasicismo. A forma sonata.
 - Principais xéneros da música instrumental: sinfonía, concerto, sonata para teclado, sonata para varios solistas, cuarteto de corda.
 - Principais xéneros da música vocal. A ópera. A música sacra.

2º trimestre:

- A música no Romanticismo:
 - Características musicais do Romanticismo. A música programática. Nacionalismo musical.
 - Principais xéneros da música instrumental: pezas breves, concerto, sinfonía, poema sinfónico.
 - A música vocal. A ópera e outro xéneros de teatro musical. Lied.

3º Trimestre:

- A música do século XX e inicios do século XXI:
 - Características xerais da música do s. XX.
 - A música dende 1900 ata a 1ª Guerra Mundial: posromanticismo, impresionismo, atonalidade.
 - A música no período de entreguerras: serialismo, neoclasicismo, música de vangarda.
 - A música despois da 2ª Guerra Mundial: novos medios electrónicos, serialismo integral, indeterminación, música textural, minimalismo.

6.2.3. Criterios de avaliación

- Demostrar a adquisición dos coñecementos mediante a identificación e explicación, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, das características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso.
- Demostrar a adquisición dos coñecementos, con comentarios a través da análise de exemplos iconográficos con situacións musicais, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.
- Demostrar a adquisición dos coñecementos mediante a realización de comentarios histórico-estilístico a partir da audicións de obras determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado .
- Demostrar ser capaz de situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.

6.2.4. Contidos mínimos esixibles²

Os alumnos deberán realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 4º curso de Historia da Música, tal e como se contempla nos procedementos de avaliación da presente programación, debendo obter, para a súa superación, como mínimo unha cualificación igual ou superior a 5. A proba avaliará as seguintes destrezas, capacidades e/ou adquisicións:

- Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, as características musicais principais de cada época ou estilo: trazos rítmicos, melódicos e harmónicos, textura musical, xéneros principais, formas musicais, dispositivos vocais e/ou instrumentais.
- Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, os principais recursos e xéneros da música do clasicismo: forma sonata, sinfonía, sonata, concerto, ópera.
- Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, os principais recursos e xéneros da música romántica: música programática, nacionalismo, pezas breves, poema sinfónico, teatro musical, lied.
- Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, os principais recursos da música do século XX: novas propostas, atonalidade, dodecafonismo.

6.2.5. Bibliografía de referencia

- J. PETER BURKHOLDER, DONALD J. GROUT, CLAUDE V. PALISCA: *Historia de la música occidental*. Alianza Música.

² A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- JOHN WALTER HILL: *La música barroca*. Akal.
- PHILIP G. DOWNS: *La música clásica*. Akal.
- LEON PLANTINGA: *La música romántica*. Akal.
- ROBERT P. MORGAN: *La música del siglo XX*. Akal.
- ROBERT P. MORGAN: *Antología de la música del siglo XX*. Akal.
- ANTONIO MARTÍN MORENO: *Historia de la música española*. 4.Siglo XVIII. Alianza Música.
- CARLOS GÓMEZ AMAT: *Historia de la música española*. 5.Siglo XIX. Alianza Música.
- TOMÁS MARCO: *Historia de la música española*. 6.Siglo XX. Alianza Música.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Edicións A Nosa Terra.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Breve historia da música galega*. Edicións A Nosa Terra.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Historia da música galega. Notas do século XIX*. Andavira editora.
- RAMÓN ANDRÉS: *Diccionario de instrumentos musicales*. Península.
- GONZÁLEZ LAPUENTE, ALBERTO (ED): *Historia de la música en España e Hispanoamérica*. Vol.7: *La música en España en el siglo XX*. Fondo de Cultura Económica
- LÓPEZ COBAS, LORENA: *Historia da música en Galicia*. Ouvirmos.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.

Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos do alumno, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.

En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, serviranos como referente para medir os avances do alumno.

Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O control da adquisición dos contidos por parte dos alumnos realizarase a través de:

- **Traballo persoal diario:** a observación sistemática durante as clases proporciona información acerca do progreso do alumno. Observarase a actitude do alumno na clase, a súa puntualidade, e súa realización dos exercicios, traballos ou actividades propostos.
- **Probas prácticas:** Realización de exercicios ou probas, de xeito oral ou escrito, de análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras, ou doutros contidos ou aspectos traballados na aula.

Farase como mínimo unha proba escrita en cada trimestre, antes de cada avaliación trimestral. As probas trimestrais por avaliación consistirán nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións:

- Realizar comentarios ou análise e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- Realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- Realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Responder preguntas teóricas sobre contidos conceptuais e/ou realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

7.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba escrita/oral trimestral: 70%	Traballo aula, exercicios/actividades: 30%
------------------------------------	--

Realizarase unha proba trimestral por avaliación, onde se avaliarán os contidos impartidos en cada trimestre; como hai tres avaliacións, haberá un total de tres probas de avaliación. A cualificación de cada avaliación será o resultado da seguinte ponderación:

- a nota obtida na proba trimestral de avaliación suporá un 60 %.
- os traballos, exercicios ou actividades realizados na aula suporán un 40%.

Dado o carácter da materia, para superala é necesario aprobar todas e cada unha das tres avaliacións, pois fan referencia a etapas e estilos musicais diversos, cada un con características específicas. Polo mesmo motivo, a cualificación final do curso será a media das cualificacións das tres avaliacións.

A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, sendo indispensable ter unha nota mínima de 5 en cada avaliación.

7.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para conceder a ampliación de matrícula, é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os profesores de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte. O protocolo para seguir é o seguinte:

1.- O profesorado que considere a posibilidade de ampliación de matrícula, poñerá en contacto co titor do alumno.

2.- O titor solicitará á xefatura de estudos unha xunta evaluadora extraordinaria (ou no seu caso, unha sesión de avaliación ordinaria) coa totalidade dos profesores do alumno implicado, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula, así como a información que se transmitirá ao alumno, pais ou titores legal sobre o proceso. O titor levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado. Para que a ampliación de matrícula sexa posible, deberá haber un acordo unánime de todo o profesorado.

3.- O titor informará á familia, se é menor de idade, ou ao alumno, se é maior de idade, sobre o estado do proceso. A información achegada polo titor debe ser de carácter global, é dicir, que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de maneira colectiva por parte de todos os docentes do alumno cunha decisión unánime e

filme. No caso de que a familia ou o alumno maior de idade non desexase seguir co procedemento, este conclúe.

4.- No caso de que se aconselle a súa promoción, o titor deberá informar ao alumno maior de idade ou á familia, acerca da solicitude que deberá realizar á atención da dirección do centro para levala ao consello escolar. O consello escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola dirección. Aquelas que leven o visto e praxe, serán reflectidas no acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumno deberá ir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes.

No que atinxe á a materia de Historia da música, o alumno que teña a concesión de ampliación de matrícula terá que demostrar a superación da programación que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente o alumno. Se un alumno de 4º curso realiza a ampliación a 5º, a programación que se esixirá para a proba será a de Historia da música de 4º. Se un alumno de 5º curso realiza a ampliación a 6º, a programación que se esixirá será a de Historia da música de 5º. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas trimestrais de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparecen descritas no subapartado “Probas prácticas” do apartado 7.1. “Procedementos e instrumentos de avaliación”

No caso de que ao alumno se lle conceda a ampliación de matrícula, cando se incorpore ao novo nivel, terá que recuperar a parte da materia da que non foi avaliado por estar aínda no proceso de ampliación, cando sexa o caso.

7.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

7.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Poderanse realizar exames de recuperación ao longo do curso, nos que o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda á avaliación non superada. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas trimestrais de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparecen descritas no subapartado “Probas prácticas” do apartado 7.1. “Procedementos e instrumentos de avaliación”

7.4.2. Probas extraordinarias de Xuño

Os alumnos que non aproben o curso en Maio dispoñerán dunha proba extraordinaria no mes de Xuño. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparecen descritas no subapartado “Probas prácticas” do apartado 7.1. “Procedementos e instrumentos de avaliación”

7.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.

Nos casos en que, dacordo co procedemento disposto, o profesor considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparecen descritas no subapartado “Probas prácticas” do apartado 7.1. “Procedementos e instrumentos de avaliación”

8. Anexos

8.1. PROBA DE ACCESO AO 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

O alumnado que queira acceder a 5º de Grao Profesional deberá realizar unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos sinalados para 4º.

Nesta proba débese obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a 5.

O alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

A proba consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións:

- Realizar comentarios ou análise e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- Realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.

- Realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Responder preguntas teóricas sobre contidos conceptuais e/ou realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Nota: Para ver os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como a bibliografía de referencia, consultar a programación de 4º curso.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

8.2. PROBA DE ACCESO AO 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

O alumnado que queira acceder a 6º de Grao Profesional deberá realizar unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos sinalados para 4º e 5º cursos.

Nesta proba débese obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a 5.

O alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

A proba consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións:

- Realizar comentarios ou análise e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.

- Realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- Realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Responder preguntas teóricas sobre contidos conceptuais e/ou realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Nota: Para ver os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como a bibliografía de referencia, consultar as programacións de 4º e 5º cursos.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.